



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

Sendo necesario proceder á contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dun/dunha ADMINISTRATIVO/-A, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada: obra ou servizo, a xornada completa (100%), desde o próximo día 31 de outubro de 2017 e cunha duración de 12 meses, subvencionada ao abeiro do Plan provincial único de cooperación cos concellos 2017, "Programa Depuemprego 2017", da Excm. Deputación de Lugo, publicado no BOP de Lugo número 74, de 30 de marzo de 2017.

Visto o art. 21.1 g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,

RESOLVO

1º.- Prestar aprobación ás bases para a contratación laboral temporal, dun/dunha ADMINISTRATIVO/-A, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada: obra ou servizo, a xornada completa (100%), desde o próximo día 31 de outubro de 2017 e cunha duración de 12 meses, subvencionada ao abeiro do Plan provincial único de cooperación cos concellos 2017, "Programa Depuemprego 2017", da Excm. Deputación de Lugo, publicado no BOP de Lugo número 74, de 30 de marzo de 2017

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN/DUNHA ADMINISTRATIVO/-A, A XORNADA COMPLETA (100%), CON ADSCRICIÓN ÓS SERVIZOS ADMINISTRATIVOS DO CONCELLO DO VICEDO.

1º.- NORMAS XERAIS.-

A selección rexerase polo previsto nestas bases, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, Texto refundido da lei do Estatuto básico do emprego público, Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas urxentes para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/88, do 28 de xullo, Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, Real Decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, Real Decreto 364/95, Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ao Plan provincial único de cooperación cos concellos 2017, "Programa Depuemprego 2017", da Excm.



Deputación de Lugo, publicado no BOP de Lugo número 74, de 30 de marzo de 2017, e o Convenio colectivo vixente para persoal laboral do Concello do Vicedo sobre condicións laborais e económicas, aprobado polo Pleno do concello o día 10 de xuño de 2009.

2º.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABAJO.-

O cometido funcional deste posto de traballo consistirá na realización das tarefas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello do Vicedo, de acordo coas instrucións recibidas ao efecto.

3º.- DURACIÓN DO CONTRATO.-

O contrato asinarase baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada: obra ou servizo, a xornada completa (100%), desde o próximo día 31 de outubro de 2017 e cunha duración de 12 meses, en horario que demande o servizo. Establécese un período de proba de un mes.

4º.- RETRIBUCIÓN.-

As retribucións serán as correspondentes ó grupo C1, complemento de destino 14.

5º.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS.-

- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.
- Ter cumprido os 16 anos e non superar a idade establecida para a xubilación forzosa.
- Estar en posesión do título de bachiller, técnico ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.

-Declaración xurada do aspirante de non haber traballado para este concello máis de 12 meses dentro dos últimos 30 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato. Non se terán en conta os contratos formativos, de relevo e interinidade, e os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto dos ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado.

Estes requisitos deberán acreditarse antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

A persoa seleccionada deberá presentar certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto de administrativo/-a.



6º.- SOLICITUDES.-

Quen desexe participar no concurso-oposición, deberá presentar instancia acompañada da documentación que xustifique reunir os requisitos esixidos na base quinta, no rexistro xeral do Concello do Vicedo, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do concello de O Vicedo, ademáis deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada por fax ao número 982590001.

7º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

O prazo de presentación de solicitudes queda aberto desde o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e por un período de dez días naturais.

8º.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

Rexistro xeral do Concello do Vicedo ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do concello de O Vicedo, ademáis deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada por fax ao número 982590001.

Se a solicitude se presenta noutros rexistros habilitados a documentación que se acompaña deberá ser en orixinal, ou fotocopia cotexada ou compulsada, sen perxuízo de que antes da súa contratación se lle poida requirir a documentación orixinal.

No caso de presentar a documentación neste concello, deberán traer a documentación orixinal para o seu cotexo, faríaselles aquí as fotocopias.

Por resolución da Alcaldía acordarase a admisión e exclusión dos candidatos e publicarase no taboleiro de edictos da Corporación, na páxina web do concello e no blog de emprego do Concello do Vicedo: emplegovicedo.blogspot.com, sinalándose un prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación, para subsanar erros. Con indicación, igualmente, do día e hora na que terá lugar a valoración da fase de concurso e proba de selección; tamén se designará a composición do órgano de selección.

De non existir aspirantes excluídos, elevarase a definitiva esta lista provisional na mesma resolución de aprobación.

A lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional no prazo máximo de dous días hábiles contados desde o remate do prazo de alegacións.



9º.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN.-

O Tribunal de valoración designarase e farase público xunto coa lista definitiva de admitidos e excluídos provisional.

Poderá dispor a incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou axeitado, que actuarán con voz pero sen voto.

O dito tribunal estará facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e problemas que poidan xurdir.

10. – SISTEMA DE SELECCIÓN. –

a) Fase de oposición: consistirá na realización das seguintes probas:

- Proba de coñecementos: Consistirá no desenvolvemento por escrito de dous temas, elixidos por sorteo, entre os que figuran no anexo I. Sendo a puntuación máxima 10 puntos, outorgándose 5 puntos por cada tema desenvolvido correctamente, e sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para pasar a proba práctica.

- Proba práctica:

Consistirá nun exercicio que permita valorar a aplicación dos coñecementos e capacidades dos aspirantes a un suposto concreto, así como coñecer as súas habilidades e destrezas. Esta proba práctica simulará un suposto que poida darse no desempeño do posto que se convoca e poderá consistir na realización material da mesma ou na indicación do itinerario a seguir (fases, trámites, solucións a problemas, tratamento de textos, etc.), na realización da mesma, materializando ou sinalando algunha destas fases.

Para a cualificación do exercicio teranse en conta os coñecementos prácticos, habilidade e a corrección lingüística.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 10 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 5 puntos, e pasar a fase de concurso.

b) Fase de concurso:

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso ós aspirantes que superen o exercicio anterior.

Puntuación de méritos:

- Por experiencia en traballos iguais ou semellantes:



- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na administración pública, ata 1 punto; outorgarase a puntuación de 0,10 puntos por mes traballado, acreditado con contratos de traballo e vida laboral.
- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na empresa privada, ata 0,50 puntos; outorgarase a puntuación de 0,05 puntos por mes traballado, acreditado con contratos de traballo e vida laboral.

Toda esta documentación deberá presentarse antes do remate do prazo para presentación de instancias. A falla de acreditación dos méritos alegados, determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal de Valoración, nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias, xa que non poderán subsanarse. Tampouco se requirirá ós interesados para que os acrediten.

No caso de que o número de aspirantes declarados aptos polo tribunal de valoración fose superior ao número de postos de traballo convocados, acudirase para dirimila á outorgada na proba da fase de oposición. De persistir o empate, o Tribunal reiterará a proba de coñecementos cos aspirantes declarados aptos de igual puntuación ata eliminar aqueles que excedan do número de postos de traballo convocados (1), quedando o resto en lista de espera, ós efectos de renuncia, baixas ou calquera outra continxencia, sendo requerido o traballador que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente.

11. - RESOLUCIÓN. -

A resolución do concurso e o nomeamento farase polo Presidente da Corporación municipal, por proposta do Tribunal cualificador.

12.- NORMA FINAL.-

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO I: TEMARIO

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Estructura e contido. Principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.- Protección dos dereitos fundamentais: o recurso de amparo.



Tema 3.- O acto administrativo: concepto, clases e elementos. A súa motivación e a súa notificación. Eficacia e validez dos actos administrativos.

Tema 4.- O procedemento administrativo. Significado. Principios xerais. Fases.

Tema 5.- A administración local. Entidades que comprende. Réxime local español. Principais leis reguladoras de réxime local.

Tema 6.- Órganos de goberno municipais. O Alcalde: elección, deberes e atribucións. Os Concelleiros.

Tema 7.- O Concello Pleno: integración e funcións. A Xunta de Goberno Local: integración e funcións.

Tema 8.- O persoal ao servizo das entidades locais: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades.

Tema 9.- Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Procedementos de elaboración e aprobación.

Tema 10.- Os bens das entidades locais. Bens de dominio público. Bens patrimoniais.

Tema 11.- Facendas locais. Presuposto municipal. Recursos dos municipios.

Tema 12.- Fases de execución do gasto público local. As modificacións de crédito. Créditos extraordinarios e suplementos de créditos. Transferencias de crédito. Xeracións de crédito. Incorporación de remanentes.

2º.- Convocar públicamente a quen desexe participar nas citadas probas selectivas.

3º.- Ordear a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo (Base 8ª.4 do Plan único de cooperación cos concellos), no taboleiro de edictos da Corporación, na páxina web do concello e no blog de emprego do Concello: emplegovicedo.blogspot.com , e realizar cantos trámites sexan necesarios para o dito fin.

Mándao e asínoa o Sr Alcalde - Presidente; no Vicedo a doce de setembro de dous mil dezasete.

O Alcalde,

Assinatura manuscrita do Alcalde sobre o selo circular do Concello de O Vicedo.

Ante min,
O Secretario

Assinatura manuscrita do Secretario sobre o selo circular do Concello de O Vicedo, coa inscrición 'SECRETARIA (LUGO)'.

D/DÑA....., con DNI,
con domicilio, e teléfono de
contacto:.....

DECLARA:

1º.- Que coñece as bases de data 12/09/2017, para a contratación laboral temporal por parte do Concello do Vicedo, e mediante concurso-oposición, dun/dunha ADMINISTRATIVO/-A, a xornada completa, con adscrición ós servizos administrativos do Concello do Vicedo, subvencionada ao abeiro do Plan provincial único de cooperación cos concellos 2017, “Programa Depuemprego 2017”, da Excma. Deputación de Lugo, publicado no BOP de Lugo número 74, de 30 de marzo de 2017.

2º.- Que cumpre os requisitos mínimos establecidos para os candidatos na base 5, e que aporta documentación que o xustifica.

3º.- Que aporta documentación xustificativa dos seguintes méritos alegados:

-
-
-
-

E por todo o exposto anteriormente,

SOLICITA:

Ó Sr. Alcalde-Presidente, que se teña en consideración a súa candidatura os efectos da participación no antedito proceso de selección.

O Vicedo, a de do 2017.

Fdo.:

Ó SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO

D. /Dña....., con DNI.....,
e domicilio en.....

En relación coa contratación laboral temporal por parte do Concello do Vicedo, e mediante concurso-oposición, dun/dunha ADMINISTRATIVO/-A, a xornada completa, con adscrición ao servizos administrativos do Concello do Vicedo, subvencionada ao abeiro do Plan provincial único de cooperación cos concellos 2017, “Programa Depuemprego 2017”, da Excma. Deputación de Lugo, publicado no BOP de Lugo número 74, de 30 de marzo de 2017, segundo as bases de data 12/09/2017.

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Non haber traballado para este Concello máis de 12 meses dentro dos últimos 30 meses inmediatamente anteriores, de ser o caso, á data de inicio do contrato. Non se terán en conta os contratos formativos, de relevo e interinidade, e os contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación, así como os contratos temporais que sexan utilizados por empresas de inserción debidamente rexistradas e o obxecto de ditos contratos sexa considerado como parte esencial dun itinerario de inserción personalizado.

O Vicedo, a dedo 2017.

Fdo.